



EXPEDICIÓN 2005 ONGD LABAÑOU-SOLIDARIA A VILCABAMABA-PERÚ: UN BALANCE POSITIVO E ILUSIONANTE

O ano 2005 ten sido un ano de cambios no proxecto de desenvolvemento que desde a ONGD Labañou-Solidaria se ven desenvolvemento dende o ano 1999. ¿Qué queda daquela viaxe na que dous aventureiros atoparon unhas xentes en estado de extrema pobreza na metade dos Andes?, ¿Qué queda daquel “último bastión dos Inkas”, ¿Podemos saber se ten mellorado a situación dos habitantes de Vilcabamba dende entón?, e de ser así, ¿qué porcentaxe diso podería deberse ao traballo da nosa organización durante estos seis anos?...

Son estas preguntas moi complexas e de difícil resposta. O que sí sabemos é que as cousas teñen cambiado moito dende entón. O descubrimento dunha fabulosa bolsa de gas ao norte da provincia, ten permitido que as arcas municipais de Vilcabamba dispoñan de financiamento para múltiples proxectos; a promulgación da



Lei de presupostos participativos obriga a aprobar os orzamentos por parte da “sociedade civil organizada”, o que ten permitido polo menos que se escoiten máis as demandas locais. Sinalar tamén a entrada de novas organizacións de desenvolvemento público-privadas para apoiar microempresarios (Corredor Puno-Cusco, etc.). ¿Pero cómo teñen influído estes acontecementos en Vilcabamba e no proxecto de desenvolvemento?

Definiríamos dúas grandes etapas na evolución do proxecto: unha primeira na que o obxectivo era dar

a coñecer “unha diferente metodoloxía de desenvolvemento” (participativa, comunitaria), e na que o proxecto sanitario-asistencial permitiu “derrubar as barreiras iniciais” coa poboación local e gañar a súa confianza, así como o das propias institucións públicas. Habería unha segunda etapa, que empezaría a partir da constitución da nosa contraparte local, o Grupo Generador del Avance Distrital (GGAD), na que o proxecto se fai máis complexo, e no que existe un eixo-forza, que é o Plan de Desenvolvemento Turístico, que ademais de procurar unha nova fonte de ingresos, permite

avaliar os resultados, traballar por un obxectivo compartido e acompañar un proceso de desenvolvemento integral da comunidade.

A expedición deste ano 2005, e practicamente todo o traballo do ano, estivo marcado pola axuda recibida da Xunta de Galicia para a construción

dun camping, e para converter a Casa de Labañou nun Centro de exposición de recursos da comarca e Aula de formación. Así mesmo, con esta axuda puidemos realizar a contratación dun técnico comunitario para acompañar o proceso desde Vilcabamba, así como contribuir a sufragar o salario do mesmo. E dicir, nunca tanta inversión económica se fixera nun mesmo ano no proxecto. Pero, ¿teñen sido maiores os impactos?, ¿se ten acelerado o proceso de desenvolvemento?

..

Proxecto de Cooperación

Saúde

- Promoveuse un convenio entre o concello Vilcabamba e a ONG SAMBASUR do Cuzco, para o inicio de pequenas obras en saneamento básico e educación da poboación no manexo da auga.
- Iniciáronse xestións coa dirección do Hospital Juan Canalejo e a Dirección Xeral da Saúde de Cuzco encamiñadas a conseguir dúas bolsas de formación para sanitarios de Vilcabamba durante seis meses na cidade da Coruña.



Educación

- Durante o 2005 mantivéronse as bolsas de estudos e estadía en Cuzco de tres rapazas que están a realizar estudos técnicos superiores; unha delas está a punto de terminar a carreira de turismo.
- Asesorouse na creación de hortas escolares e facilitáronse sementes.
- Mantivéronse dous centros de capacitación e informática en Lucma e Pucyura cos ordenadores donados por Labañou Solidaria.



Agropecuario

- Realizouse o seguimento do plan de loita contra a epidemia da Fasciola hepática que está a afectar gravemente o gando vacún, ovino e porcino.

- Continuouse coa capacitación e co asesoramento en hortas familiares e cultivos ecolóxicos. Facilitáronse sementes a poboación.



Desenvolvemento comunitario

- Traballouse co GGAD de Vilcabamba, facéndose o seguimento do proxecto, financiando as actividades nos centros cívicos dotados nos anos anteriores por Labañou Solidaria, e apoiando as organizacións cidadás.
- Financiouse a contratación dun técnico comunitario para a dinamización da participación, o apoio ás organizacións e a implicación da municipalidade no proceso de desenvolvemento. Vive dende entón na casa de Labañou en Vilcabamba.
- Mantense o técnico en desenvolvemento da cidade de Cuzco para facer o seguimento do proxecto na súa globalidade, realizándose un total de oito viaxes durante o ano a Vilcabamba.
- Levouse a cabo co GGAD o II Congreso de Mulleres coincidindo coas Festas de aniversario de Vilcabamba, ca participación de 300 mulleres e a colaboración da organización peruana DEMUNA (Defensoría da muller e os meniños) que instalará unha oficina en Vilcabamba para loitar contra a violencia de xénero.



Plan de Desenvolvemento Turístico

- Asinouse un convenio coa Dirección Rexional de Turismo de Cuzco para o Plan de Desenvolvemento Turístico de Vilcabamba.
- Realizáronse 11 talleres de capacitación da poboación en materia turística (cociña, aloxamentos, trato ao turista etc.)
- Rehabilitouse a casa de Labañou Solidaria en Vilcabamba para a súa utilización como centro de capacitación e punto de información turística.



- Construíuse un cámping na localidade de Huancacalle nun terreo cedido polo concello que xestionará a Asociación de Mulleres.

Educación para a solidariedade no barrio de Labañou



- Implicación da xente do barrio na sardiñada do mes de xullo.
- Festa infantil ao aire libre, no mes de xullo, en Labañou.
- Implicación do Colexio Calasanz no financiamento de dúas bolsas de continuación de estudos.
- Acto público no mes de xuño no Centro Cívico de Labañou, con grande asistencia

Consolidación de Labañou Solidaria

- Máis de 150 socios
- Actualización da páxina WEB
- Integración na coordinadora de ONGs de Galicia
- Financiamento do Concello da Coruña, da Xunta de Galicia e de Caixa Galicia
- Concesión do premio Rafael Barez da Asociación Xustiza e Sociedade do ano 2005



Informe Económico do Ano 2005

Ingresos

A) Externos

Xunta De Galicia	24.750,00 €
Caixa Galicia	3.000,00 €
A Caixa	175,00 €
Concello A Coruña (Subv. Ano 2004)	2.670,00 €
Universidade (Subv. Ano 2004)	750,00 €
Doazón "Continental Producciones"	1.500,00 €

Subtotal: 32.845,00 €

B) Financiamento Propio

Socios	5.680,00 €
Feria Infantil Solidaria	520,00 €
Doazóns	4.200,00 €
Camisetas	710,00 €
Sardiñada	800,00 €
Doazón Colexio Calasanz	1.000,00 €
Lotaria	450,00 €
Festa Dos Pobos	125,00 €

Subtotal: 13.485,00 €

Total Ingresos: 46.330,00 €

Gastos

Casa Labañou Solidaria En Vilcabamba	17.000,00 €
Construción Do Campamento	9.300,00 €
Obradoiros De Capacitación E Axuda A Organizacións	1.500,00 €
Rapaces Bolseiros No Cuzco	4.600,00 €
Profesionais Contratados En Vilcabamba	6.500,00 €
Expedición (Viaxes E Aloxamento De 4 Personas)	5.500,00 €
Gastos Da Ong	1.300,00 €

Total Gastos: 45.700,00 €

A Cordilleira de Vilcabamba atópase a uns 350 km. ao noroeste de **Cuzco**, tórdanse unhas 10 horas en chegar. Ten unha poboación de 15.000 habitantes en todo o distrito. Extensión: 5.000 Km²



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

Para Coñecernos Máis, Colaborar, Facerte Socio ...

Páxina Web: www.labanousolidaria.org

Asociación Labañou Solidaria, Rúa Nosa Sra. do Perpetuo Socorro, 13 baixo 15011 A Coruña

Contacto

Luís Astray (Centro de Salud de Labañou)
Concha Sánchez

Tfno. 981 268 384.
Tfno. 628 416 644.

Correo: labanousolidaria@hotmail.com